
	MANUAL DE MEDIO AMBIENTE CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible	
Título POLÍTICA DE MEDIO AMBIENTE	Código	Cap. 6	
	Edición	04	Data 18/01/10

6. Política de Medio Ambiente:

INTRODUCCIÓN



A Política Ambiental, baseada nos compromisos do Concello do Barco de Valdeorras, establece a estratexia desta organización respecto do medio ambiente. Ten como obxectivo fundamental protexer e mellorar o medio ambiente, ofrecendo á súa poboación unha alternativa de servizos cada día máis respectuosos co entorno. Esta política é aplicable a todas as actividades e servizos deste concello incluídos no alcance deste Sistema de Xestión Ambiental:

Conforme á Norma UNE-EN ISO 14001:2004:

CENTRO: CASA DO CONCELLO
Actividades desenvoltas polos servizos de Emprego e Desenvolvemento Local, Oficina Municipal de información ao Consumidor e Servizos Sociais.
CENTRO: EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES
Actividades desenvoltas polos servizos de Medio Ambiente, Alcaldía, Urbanismo, Secretaría, Intervención e Tesouraría.
CENTRO: PUNTO LIMPO MUNICIPAL
Recollida e xestión de residuos.

A protección do medio ambiente é un compromiso do Concello do Barco de Valdeorras é unha responsabilidade individual de cada membro do colectivo, que se plasmará en accións concretas que reflectan interna e externamente unha imaxe do concello que se identifique co desempeño ambiental do mesmo.



A responsabilidade de establecer e manter a Política Ambiental do concello recae, co consentimento do concelleiro de medio ambiente, na figura do alcalde. A concellería de medio ambiente encargase de transmitir esta política a todas as unidades organizativas do concello directamente implicadas no sistema.

	MANUAL DE MEDIO AMBIENTE CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS		
Título POLÍTICA DE MEDIO AMBIENTE	Código	Cap. 6	
	Edición	04	Data 18/01/10

POLÍTICA AMBIENTAL

O Concello do Barco de Valdeorras, consciente da importancia de preservar e respectar o medio ambiente e os recursos do concello, como valores da calidade de vida dos seus habitantes e visitantes, dentro dunha estratexia de desenvolvemento sostible, formula a súa Política Ambiental nos seguintes puntos:

- Superar expectativas, controlando constantemente que respondemos en todo momento ás esixencias e expectativas dos cidadáns
- Identificar os aspectos medioambientais xerados polas actividades incluídas no alcance do sistema e valorar os efectos negativos no medio ambiente para poder reducilos.
- Xestionar os residuos e os recursos, fomentando actividades de reciclaxe, reutilización, redución de residuos e optimización do consumo de recursos.
- Asegurar o cumprimento dos requisitos ambientais regulamentarios de aplicación e aqueles que se asuman de xeito voluntario.
- Establecer uns obxectivos, e os recursos necesarios para acadalos, mediante a utilización de procesos, materiais ou produtos que eviten ou reduzan a contaminación.
- Aplicar o principio de mellora continua, mellorando ó longo do tempo o Sistema de Xestión Ambiental a través da revisión periódica pola Alcaldía dos obxectivos e metas de medio ambiente propostos.
- Corrixir as non conformidades que se produzan, poñendo especial énfases na prevención para evitar que se repitan.
- Atraer a atención do persoal dentro do alcance do sistema sobre a necesidade de protexer e preservar o medio ambiente, así como sobre o respecto das políticas e disposicións neste ámbito, promovendo a súa participación activa en todas as actividades ligadas co medio ambiente.
- Potenciar a formación necesaria para conseguir un persoal concienciado e sensibilizado.
- Intentar que as empresas colaboradoras comprendan e participen da Política Ambiental, obxectivos e obrigacións do concello.
- Difundir e poñer á disposición da poboación, visitantes e axentes socioeconómicos que actúen no concello, os principios xerais de xestión ambiental municipal.
- Integrar a Política Ambiental na estratexia de xestión do municipio, co compromiso da prevención da contaminación na planificación e toma de decisións de todas as actividades e servizos prestados dentro do alcance do Sistema de Xestión Ambiental.

	MANUAL DE MEDIO AMBIENTE CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS		
Título POLÍTICA DE MEDIO AMBIENTE	Código	Cap. 6	
	Edición	04	Data 18/01/10

- Contribuír a consecución do desenvolvemento sostible do municipio mediante a implantación da Axenda 21 Local, sensibilizando ós axentes sociais e económicos co obxecto de difundir o valor e a necesidade de protección do medio ambiente fomentando a participación cidadá na xestión ambiental do concello.

Esta Política de Medio Ambiente servirá como marco para o establecemento dos obxectivos anuais e para a súa revisión. Será revisada periodicamente co fin de verificar a súa adecuación á forma real de actuar do Concello do Barco de Valdeorras. Co fin de que sexa coñecida polo persoal, esta política será exposta publicamente nas instalacións do concello, tamén se dará a coñecer ó persoal externo vinculado co concello e atoparase a disposición pública podendo ter acceso a ela calquera persoa externa ó concello que o desexe.

Fdo.: Alcaldía